

ANUNCIO

Aprobación das bases reguladoras para a concesión de subvencións.

Mediante resolución da Alcaldía nº 2022 01840 de data 21/07/2022 foron aprobadas as bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas a entidades deportivas de Marín, para o fomento da práctica deportiva e a participación federada na tempada 2021-2022, procedéndose á súa convocatoria.

Dando cumprimento a dita resolución, procédese á publicación íntegra das mesmas para xeral coñecemento.

BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIONES DESTINADAS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE MARÍN, PARA O FOMENTO DA PRÁCTICA DEPORTIVA E A PARTICIPACIÓN FEDERADA NA TEMPADA 2021-22

Artigo 1. Normativa aplicable

- 1.1. De conformidade cas competencias atribuídas a este Concello polo artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Réxime Local, na Lei 3/2012 de 3 de abril, Xeral do Deporte de Galicia, e en aplicación do artigo 23 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, convócanse subvenciones destinadas a fomentar a práctica deportiva e a participación en competición federada para a temporada 2021/2022.
- 1.2. A presente convocatoria rexerese polas bases reguladoras e polas normas contidas na Ordenanza Xeral de Subvencións do Concello de Marín, aprobada polo Pleno en sesión de data 14 de xaneiro de 2005, publicado o texto íntegro no Boletín Oficial de la Provincia de data 1 de abril de 2005.
- 1.3. Así mesmo na tramitación do gasto derivado desta convocatoria específica terase en conta o establecido nas Bases de Execución do Orzamento Municipal do exercicio 2021, prorrogado ao 2022.
- 1.4. No non previsto nas presentes bases, estarase ó disposto na Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia, Lei 38/2009 Xeral de Subvencións, e regulamentos de desenvolvemento de ambas.

Artigo 2. Obxecto da convocatoria.

A presente convocatoria ten por obxecto a regulación do procedemento de concesión de subvencións en réxime de concorrencia competitiva a entidades deportivas e outras entidades con personalidade xurídica e capacidade de obrar do Concello de Marín, sen ánimo de lucro, cuxo obxecto sexa a práctica deportiva.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [RR.DD.] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12	SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN
--	---	--



Artigo 3. Gastos subvencionables, crédito e contía.

3.1.- Gastos subvencionables. Os gastos subvencionables corresponderán ó funcionamento da entidade e gastos ocasionados pola actividade federada propia desta (é dicir, os **motivados pola participación en competicións deportivas federadas**).

Quedan excluídos os gastos por investimento en instalacións deportivas (obras) e os gastos referidos á organización das Escolas Deportivas Municipais por parte das entidades deportivas adxudicatarias.

3.2.- Período subvencionable. Entenderase por tempada 2021-2022 a que abrangue dende o 01 de xullo de 2021 ata o 30 de xuño de 2022. No caso de deporte que teña unha tempada diferente achegarse acreditación da entidade federativa nese sentido. De non achegarse dita documentación, tomarase en consideración o período anterior (01/07/21 a 30/06/22)

3.3.- Contía global da convocatoria. A contía total que se destina a esta finalidade é de 45.000€; con cargo á aplicación orzamentaria 341 489.00.

3.4.- Contía individual das achegas. A subvención non poderá superar do custo das actividades ou programa de actividades que se realicen e respecto dos cales se solicita o outorgamento da subvención, sen que en ningún caso poida ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións e axudas doutras Administracións Públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario. O mesmo criterio será aplicable aos ingresos que obteña a asociación para o financiamento da actividade para a que solicita a subvención.

3.5 Compatibilidade con outras achegas e ingresos específicos. As achegas concedidas ao abeiro desta convocatoria serán compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administracións ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

Artigo 4. Beneficiarios

4.1.- Poderán solicita-las subvencións reguladas na presente convocatoria os clubs e entidades deportivas locais de carácter federado, non mercantís, non profesionais e consecuentemente sen ánimo de lucro **inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Marín.**

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	SALIDA 20228996
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [RR.DD.] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12	Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN



En aplicación do disposto no artigo 14 do Regulamento do Rexistro Municipal de Asociacións, será requisito imprescindible que os datos da entidade figuren no Rexistro debidamente actualizados, o que implica que todas as persoas que asinan a solicitude consten no mesmo como titulares dos cargos que ostenten.

4.2.- Quedan excluídos desta convocatoria as seguintes entidades:

- As que incorran nalgunha das circunstancias referidas no artigo 10 da LSG.
- As que manteñan débedas co Concello de Marín.
- As entidades que, en calquera das súas categorías e por calquera motivo, foran expulsadas da competición pola Federación da que dependan na tempada 2021-22.
- Os Clubs ou entidades deportivas que no Orzamento Xeral vixente no presente exercicio teña asignada subvención nominativa.
- As Sociedades Anónimas Deportivas.

Artigo 5. Formalización das solicitudes e documentación.

5.1.- Prazo de presentación. As solicitudes para tomar parte neste procedemento deberán ser presentadas no **prazo de 10 días** hábiles contados a partir do seguinte ó da publicación no BOP do extracto da convocatoria.

5.2 Presentación electrónica da solicitude. De acordo co disposto no artigo 14.2 a) da LPACAP, as persoas xurídicas estarán obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos cas Administracións Públicas para a realización de calquera trámite dun procedemento administrativo. En consecuencia, tanto a presentación da solicitude de subvención, como o resto de escritos aportados no marco procedemento, deberán presentarse por medio da sede electrónica do Concello <https://sede.concellodemarin.es>

5.3.- Documentación a achegar. Os interesados en obter esta subvención deberán solicitalo mediante a cumprimentación do formulario on line existente na sede electrónica, ao que deberán adxuntar a seguinte documentación:

ANEXO 1	Declaración responsable.	Segundo modelo dispoñible na sede electrónica
ANEXO 2	Orzamento da actividade.	Segundo modelo dispoñible na sede electrónica
ANEXO 3	Relación de gastos efectuados	Segundo modelo dispoñible na sede electrónica



ANEXO 4	Datos a certificar pola Federación Galega ou Española referidos á tempada 2021/2022.	Segundo o indicado na base 8.4
ANEXO 5	Memoria das actividades efectuadas.	(*)

(*) Non existe modelo desta Memoria, pero na mesma os interesados deberán abordar, como mínimo, os seguintes puntos:

1. Data de realización da actividade.
2. Nº de participantes/beneficiados pola actividade.
3. Descrición das actividades realizadas.
4. Relación de entidades colaboradoras na realización da actividade.
5. Publicidade empregada para a difusión da actividade.
6. No seu caso, reflexo da actividade nos medios de comunicación.

En aplicación do disposto no artigo 23.3 da LXS, a presentación da solicitude por parte do beneficiario levará a autorización ao órgano xestor para solicitar os certificados a emitir pola Axencia Estatal de Administración Tributaria e pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social. Sen prexuízo de que dita documentación, poida, no seu caso, ser achegada polo interesado.

O Concello de Marín xestionará de oficio á incorporación ao expediente do certificado municipal acreditativo do cumprimento das obrigas fiscais coa Facenda Local, así como de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións.

Artigo 6. Emenda de defectos

A Concellaría de Deportes do Concello revisará os expedientes de solicitude e verificará que conteñan a documentación esixida. De existir algún defecto na solicitude ou documentos que se acheguen, seralle notificado ó interesado para que nun prazo de 10 días emende o defecto ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que se non o fixera considerárase desistido na petición despois da correspondente resolución, de conformidade co disposto no artigo 23.5 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Artigo 7. Instrución do expediente

1. A instrución do procedemento correspóndelle ao Concelleiro Delegado designado pola Alcaldía do Concello de Marín o cal realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	SALIDA 20228996
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [RR.DD.] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12	Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN



2. Unha vez avaliadas as solicitudes polo instrutor segundo os criterios, formas e prioridades establecidos nas presentes bases da convocatoria, a Comisión Avaliadora deberá emitir informe no que se concrete o resultado da avaliación realizada. Esta Comisión estará integrada por:

— Presidente: o concelleiro delegado da área de Deportes ou persoa a quen designe.

— Vocais: dous membros do persoal funcionario do Concello.

— Secretaria: un funcionario do Concello de Marín, que actuará sen voto.

Na comisión actuará como secretario /a , sen voto, un/ha funcionario/a do Concello de Marín.

O instrutor, a vista do expediente e do informe do órgano colexiado, formulará proposta de resolución definitiva que deberá expresar o solicitante ou a relación de solicitantes para os que propón a concesión da subvención, a súa contía, con especificación da avaliación e dos criterios seguidos para realizala. Poderase prescindir do trámite de audiencia de conformidade co disposto no artigo 24 da LXS , adquirindo a proposta de resolución provisional o carácter de definitivo.

Artigo 8. Criterios de avaliación

Os criterios de avaliación para o outorgamento de subvencións e fixación da súa contía, serán os seguintes:

1. Datos deportivos a valorar, que **serán certificados polas Federacións**

A	Competición deportiva principal na que participa a entidade
B	Número de licencias federativas na categoría previa á absoluta e anteriores
C	Participación en Campionatos de España ou, de non habelo, na competición deportiva de ámbito nacional mais relevante, en categoría previa á absoluta e anteriores.
D	Fomento da paridade entre sexos na categoría previa á absoluta e anteriores
E	Categoría de adestradores e monitores
F	Número de deportistas de calquera categoría que participaran



	coa selección española ou galega en competicións oficiais
G	Fomento do deporte para minusválidos e discapacitados

2. Datos económicos a valorar, que **serán certificados polas Federacións**

A	Gastos federativos
---	--------------------

A Federación Galega ou Española da modalidade deportiva á que pertenza a entidade solicitante deberá certificar os datos recollidos no Anexo 4 a fin de poder valorar os apartados 8.1 e 8.2. **Esta certificación non poderá ser substituída por ningún outro documento que aporte a entidade solicitante.**

3.- Explicación dos criterios de valoración de cada un dos puntos anteriores:

3.1 A) No caso de entidades de competición oficial por ligas asignarase nivel en función da liga en que participe na categoría sénior ou absoluta: Nivel 1 – 1º división-20 puntos; Nivel 2 – 2º división – 18 puntos; Nivel 3 – 3º división – 16 puntos; Nivel 4 – 4º división – 12 puntos; Nivel 5 – 5º división – 8 puntos; Nivel 6 – 6º división – 6 puntos; Nivel 7 – 7º división – 4 puntos e Nivel 8 – 8º división e posteriores – 1 punto

B) No caso de entidades de competición oficial por campionatos en que participe a categoría sénior ou absoluta: Nivel 1 – Participación en >20 campionatos de nivel internacional – 20 puntos; Nivel 2 – Participación entre 20 e 15 campionatos de nivel internacional – 18 puntos; Nivel 3 – Participación entre 14 e 10 campionatos de nivel internacional – 16 puntos; Nivel 4 – Participación en <9 campionatos de nivel internacional – 12 puntos; Nivel 5 – Participación entre >5 campionatos de nivel nacional – 8 puntos; Nivel 6 – Participación en <5 campionatos de nivel nacional – 6 puntos; Nivel 7 – Participación en >1 a 5 campionatos de nivel autonómico – 4 puntos e Nivel 8 – Participación en >1 campionatos de nivel inferior ao autonómico (provincial, local, ...) – 1 punto

3.2 Atenderase ao número de licencias previas á categoría absoluta, certificadas pola federación deportiva correspondente. Por cada licenza 0,2 puntos con redondeo al alza 1 punto.

3.3 A) Modalidade de deporte colectivo: Nivel 1 – Participación en Campionatos de España de >5 equipos da entidade – 10 puntos; Nivel 2 – Participación en Campionatos de España de >2 equipos da entidade – 8 puntos; Nivel 3 – Participación en Campionatos de España de 1 equipo da entidade – 6 puntos.

B) Modalidade de deporte individual: Nivel 1 – Participación en Campionatos de España de >20 deportistas da entidade – 10 puntos; Nivel

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	SALIDA 20228996
	MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12	Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN



2 – Participación en Campionatos de España de 10 a 20 deportistas da entidade – 8 puntos; Nivel 3 – Participación en Campionatos de España de 1 a 9 deportistas da entidade – 6 puntos.

3.4 Valorarase a paridade entre sexos existente na entidade deportiva, segundo o número de licencias previas á categoría absoluta e anteriores: Nivel 1 - Se a porcentaxe de deportistas do clube cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 41% e o 50%: 20 puntos; Nivel 2 - Se a porcentaxe de deportistas do clube cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 31% e o 40%: 14 puntos; Nivel 3 - Se a porcentaxe de deportistas do clube cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 21% e o 30%: 10 puntos; Nivel 4 - Se a porcentaxe de deportistas do clube cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 11% e o 20%: 6 puntos; Nivel 5 - Se a porcentaxe de deportistas do clube cuxo sexo é o minoritario entre os integrantes do mesmo está entre o 5% e o 10%: 3 puntos.

3.5 Valorarase a categoría dos adestradores do clube: a) Por cada adestrador de nivel 3 – 5 puntos; b) Por cada adestrador de nivel 2 – 3 puntos; c) Por cada adestrador de nivel 1 – 1 punto.

3.6 Se a entidade aportou participantes á Selección Española para competicións oficiais, 5 puntos. Se a entidade aportou participantes á Selección Galega para competicións oficiais, 3 puntos.

3.7 Valorarase o número de licencias de xogadores minusválidos ou con discapacidade física da entidade: Por cada licenza - 1 punto.

3.8 Teranse en conta os gastos soportados durante o ano 2022, ou no seu caso, na tempada deportiva 2021/2022. Enténdese por gastos federativos, todos aqueles certificados pola federación galega ou española necesarios para o normal desenvolvemento da actividade. Obterase 1 punto por cada 500 euros de gasto. As fraccións contabilizaranse redondeándose a alza en 1 punto. Os gastos son referidos para os equipos ou deportistas da entidade de categoría previa á categoría absoluta.

4.- Datos a certificar pola Federación Galega ou Española referidos á tempada 2021/2022.

I. Competición deportiva principal na que participa o **EQUIPO SÉNIOR ABSOLUTO** da entidade:

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12</p>	<p>SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN</p>
---	--	--



- a. Se a competición é un SISTEMA DE LIGA: Indicarase a denominación da liga na que compite e a súa orde dentro do ámbito nacional.
 - b. Se a competición é un SISTEMA DE CAMPIONATOS (oficiais organizados por Federacións Autonómicas, Nacional ou Internacionais): Indicarase o número de campionatos internacionais, nacionais, autonómicos e provinciais/locais nos que compita a entidade.
 - c. No caso de no existir categoría sénior absoluto na entidade, deberase indicar expresamente.
- II. Número de licencias federativas **EN CATEGORÍA PREVIA Á ABSOLUTA**, clasificando o número segundo o sexo, masculino ou feminino.
- III. Participación en Campionatos de España **EN CATEGORÍA PREVIA Á ABSOLUTA:**
- a. En modalidade de DEPORTE COLECTIVO: N° de equipos do clube que participaron en campionatos de España.
 - b. En modalidade de DEPORTE INDIVIDUAL: N de deportistas do clube que participaron en campionatos de España.
- IV. Número e a categoría dos adestradores da entidade de NIVEL III (Nivel máximo nacional), NIVEL II e NIVEL I.
- V. Aportación de deportistas á Seleccións: Indicar se a aportación foi á Selección Española e/ou á Selección Galega.
- VI. Número de licencias federativas deporte minusválidos ou con discapacidade física.
- VII. Importe dos gastos federativos **EN CATEGORÍA PREVIA Á ABSOLUTA**
- VIII. Indicación ao respecto da expulsión dalgún dos equipos do club da competición federada durante a tempada 21/22

Artigo 9. Resolución.

Aprobada a proposta de resolución definitiva , e de conformidade co disposto no artigo 88 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, o Presidente procederá a resolver o procedemento.

A notificación da resolución aos interesados practicarase de acordo co previsto no artigo 40 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 <small>serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12</small></p>	<p>SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN</p>
---	---	--



común das administracións públicas entendéndose aceptada a subvención se no prazo de 10 días non manifesta nada en contra.

A resolución de concesión aos interesados publicarase no taboleiro de edictos do Concello de Marín con expresión da convocatoria, crédito orzamentario ó que se imputan, beneficiarios e contías percibidas, substituíndo á notificación individual.

A práctica da notificación ou publicación axustarase ás disposicións contidas no artigo 42 e 43 da lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

O prazo máximo para resolver e notificar a resolución do procedemento será de 6 meses, o vencemento do prazo sen notificación da resolución lexítima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención.

Contra esta resolución, que pon fin a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo de un mes dende o día seguinte o da súa notificación, o amparo do establecido no artigo 123.1 da Lei 39/2015, do 01 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia dentro do prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, conforme o disposto nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, de 3 de xuño, da xurisdición Contencioso-Administrativa. De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este resolverase e notificarase no prazo dun mes segundo establece o artigo 123.2 da citada Lei 39/2015, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 24.2 da Lei 39/2015, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados dende o día seguinte de aquel en que se deba entender presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, conforme o establecido no artigo 46.1 e 4 da Lei 29/1998.

Artigo 10. Xustificación e pagamento.

1. Para poder percibir as subvencións concedidas, os beneficiarios presentarán a documentación xustificativa indicada no seguinte punto no Rexistro do Concello de Marín, mediante unha instancia dirixida á Alcaldía, coa data límite do **30 de novembro de 2022**.

2. A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos no acto de concesión da subvención realizarase mediante a presentación da conta xustificativa. A rendición da conta

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ- Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12</p>	<p>SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN</p>
---	---	--



xustificativa constitúe un acto obrigatorio que deberá comprender o seguinte: (ANEXO III)

- a) Memoria detallada que inclúa declaración das actividades realizadas financiadas coa subvención e o seu custo.
- b) Relación desagregada de cada un dos gastos realizados con motivo da actividade subvencionada (distinguindo entre gasto total e gasto subvencionable).
- c) Os gastos xustificaranse mediante facturas ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (nóminas, Tcs, cartas de pago oficiais...).As facturas ou documentos análogos deberán cumprir os requisitos establecidos para a súa expedición no Real Decreto 1619/2012 de 30 de novembro e asemade estar datadas no período subvencionable. En todo caso deberase acreditar a realización do pago , dita acreditación farase achegando un xustificante da transferencia bancaria ou no seu caso facendo constar na factura o recibín do preceptor con indicación do DNI , nome e apelidos e sinatura do mesmo. En ningún caso se lles recoñecerá valor probatorio ós simples “recibís”.
- d) Relación desagregada de tódolos ingresos que financian a actividade (fondos propios, subvención concedida e outras subvencións) debendo acreditarse o seu importe, procedencia e aplicación ás actividades subvencionadas.
- e) Un exemplar de tódala documentación impresa xerada pola actividade que acredite a participación do Concello no financiamento da actividade subvencionada.

3. Presentada a xustificación sinalada e comprobada a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión ou aproveitamento da subvención, previo informe da Intervención municipal, polo órgano competente formularase a proposta de pagamento.

4. O aboamento das subvencións xustificadas efectuarase mediante transferencia bancaria a conta sinalada polo beneficiario. Non se admiten os pagos parciais nin anticipados.

Artigo 11. Reintegro da subvención.

Procederase ó reintegro das cantidades percibidas polas entidades deportivas en concepto de subvención e á esixencia dos xuros de demora desde o momento do pagamento, cando concorra algunha das circunstancias referidas no artigo 33 da LSG.

Artigo 12. Obrigas contables da entidade beneficiaria.

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12</p>	<p>SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN</p>
---	--	--



As entidades beneficiarias ás que lles resulta de aplicación obrigatoria o Plan de contas adaptado ás entidades non lucrativas, en particular no que se refire ás súas obrigas contables, estarán ao disposto no RD 1491/2011, do 24 de outubro, polo que se aproban as normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás entidades sen fins lucrativos e o modelo de plan de actuación das entidades sen fins lucrativos, e demais normas de desenvolvemento deste; as restantes entidades beneficiarias levarán os seguintes libros e rexistros:

- Libro diario de ingresos e gastos, no que se reflectan por orde cronolóxica todos os ingresos e gastos, que deberá estar debidamente conciliado cos movementos realizados a través das contas bancarias. O dito libro deberá estar dilixenciado pola persoa titular da Presidencia, da Secretaría e da Tesourería da entidade.

- Liquidación anual de ingresos e gastos, que deberá resultar dos movementos producidos no libro anterior, e na que quedará constancia da súa aprobación pola asemblea de socios/as.

- Libro de inventario, no que se reflectan axeitadamente todos os bens e dereitos da entidade, así como as súas altas e baixas, e que tamén deberá ser dilixenciado pola Presidencia, pola Secretaría e pola Tesourería.

Así mesmo, as entidades beneficiarias das subvencións teñen a obriga de conservaren os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos durante un mínimo de catro anos, que se han contar dende a data da percepción ou cobramento da subvención, en tanto que poderán ser obxecto das correspondentes actividades de control.

Artigo 13.- Criterios de gradación de incumprimentos.

Aos efectos do disposto no artigo 17.3 n) da LXS, e posto que a documentación xustificativa da realización da actividade deberá se achegada xunto ca solicitude de subvención, as presentes bases non contemplan criterios de gradación dos posibles incumprimentos de condicións impostas con motivo da concesión das subvencións.

Artigo 14. Publicidade da convocatoria e das subvencións concedidas.

Estas bases reguladoras publicaranse no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) e en <https://sede.concellodemarin.es>.

Asemade, de conformidade co previsto nos artigos 17.3 b) e 20.8 a) da LGS, o texto da convocatoria remitirase á Base de Datos Nacional de Subvencións (

<p>La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E6000C7EBF00L0K8Z0V7Y1M5 en https://sede.concellodemarin.es</p>	<p style="text-align: center;">FIRMANTE - FECHA</p> <p style="text-align: center;">MARIA RAMALLO VAZQUEZ- Alcaldesa - 22/07/2022 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/07/2022 12:14:54 [-RR.DD.-] REGISTRO DE DOCUMENTOS SALIDA MARIN 2022 8996 - 26/07/2022 09:12</p>	<p>SALIDA 20228996 Fecha: 26/07/2022 Hora: 09:12 Und. reg:MARIN</p>
---	---	--



BDNS) para a súa publicación, que será a que dea traslado do seu extracto ao BOPPO.

A publicidade das subvencións concedidas será efectuado de acordo co previsto no artigo 20.8.b) da LXS.

DISPOSICIONS FINAIS

PRIMEIRA.- No non previsto especificamente neste Regulamento, rexerán as normas da Lei Xeral de Subvencións, e restantes disposicións vixentes.

SEGUNDA.- Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia sen prexuízo do prazo establecido no artigo 70.2 da Lei reguladora das Bases do Réxime Local.

En Marín a 5 de maio de 2022

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE MARÍN PARA FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA E A PARTICIPACIÓN FEDERADA NA TEMPADA 2021-2022

ANEXO I.- MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE

NOME	NIF
ENDEREZO	MUNICIPIO
TFNO.	ENDEREZO ELECTRÓNICO

Presidente da entidade _____, con CIF _____

Aos efectos do previsto no artigos 69.1 da Lei 39/15, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

En relación ao proxecto denominado “ _____ ”, para o que se ten solicitado unha achega do Concello de Marín, formulo a seguinte

DECLARACIÓN RESPONSABLE:

1. Que a entidade representada por min está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e non está incurso en ningunha outra causa que supoña ou poida supoñer obstáculo legal para o seu acceso á condición de beneficiaria dunha achega ao abeiro da presente convocatoria.
2. Que nin eu nin a entidade por min representada estamos incurso en ningunha circunstancia que impida o acceso á condición de beneficiario dunha achega pública.



3. Que non obstante o anterior, autorizo ao Concello de Marín para comprobar a veracidade da anterior declaración tanto na Axencia Estatal da Administración Tributaria como na Tesourería Xeral da Seguridade Social.
4. Que a entidade representada por min se somete ás actuacións de comprobación e á achega da documentación que o Concello de Marín poida acordar para comprobar que as actuacións ás que se dedica a subvención, no caso de ser concedida, se corresponden cos fins para os que se solicita.

Marín, a ___ de ____ de 20__

O/a Presidente/a. _____

CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS DE MARÍN PARA FOMENTAR A PRÁCTICA DEPORTIVA E A PARTICIPACIÓN FEDERADA NA TEMPADA 2021-2022

ANEXO II.- ORZAMENTO DA ACTIVIDADE

NOME	NIF
ENDEREZO	MUNICIPIO
TFNO.	ENDEREZO ELECTRÓNICO

Presidente da entidade _____, con CIF _____

Aos efectos do previsto no artigos 69.1 da Lei 39/15, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e do artigo 24 do Real decreto 887/06, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei xeral de subvencións.

DECLARO

1. Que os gastos do proxecto para o que se solicita a achega é o seguinte:

Concepto	IMPORTE

2. Que para o financiamento dos gastos indicados no cadro anterior, a entidade ten solicitado as seguintes achegas (públicas ou privadas):

Administración concedente.-	Importe.
	€



TOTAL	

3. Que para a realización destes gastos, a entidade contou tamén cos seguintes ingresos (*)

Concepto	IMPORTE
	€
TOTAL	

(*) Deberán relacionarse todos os que garden relación directa ou indirecta ca actividade, mesmo se non revisten a condición de subvención (cotas extraordinarias aportadas polos socios, aportacións de particulares, venda de entradas, publicidade...etc).

IBAN	ENTIDADE	SUCURSAL	DC	Nº DE CONTA

Selo da entidade bancaria (poderá substituírse por un certificado de titularidade da conta, sempre en cando non constase xa no Concello por ter sido con aportada con anterioridade, circunstancia que deberá indicarse expresamente, indicando o procedemento en que fora achegada.

Marín, a ___ de _____ de 2022

O/a Presidente/a. _____



